

ORO EN PAÑO

A Casa de la Troya "é un museo romántico. Recrea a pensión de estudantes e a vida universitaria de Santiago a finais do século XIX que inmortalizou Pérez Lugín na súa novela 'La Casa de la Troya'. Nela aloxábase o personaxe principal, Gerardo Roquer, e os seus compañeiros de estudos". Desde o 17 de xullo abre a diario -excepto domingos e luns- con mor da celebración do XXV aniversario do museo, que dirixe desde hai oito anos Benigno Amor Barreiro.

MARÍA ALMODÓVAR
Santiago

Lembro a primeira vez que fun visitar a Casa de la Troya, ía coa miña avoa e a sensación que tiven foi moi agradable. Como se fan hoxe as visitas, Benigno?

Todas as visitas son guiadas e teñen unha duración aproximada de vinte minutos. Dende a inauguración do museo optouse por esta fórmula con obxecto de que os visitantes puidesen vivir a experiencia de viaxar durante un momento á Compostela de finais do século XIX, retratada na novela de Pérez Lugín. Coido que este xeito de amosar a Casa de la Troya ten atractivo para público de diversas xeracións e permítelle aos máis novos aprender dun xeito lúdico cousas dos seus maiores.

Contase que esta casa sempre estaba chea. Estudábase, pero, sobre todo, gozábase da vida. Cambiou moito a sociedade, xa non gozamos tanto?

Aínda que a sociedade cambiou en moitas cousas e a globalización tende á estandarización, facéndonos perder sinais de identidade, coido que segue habendo aspectos da novela que son perfectamente reconecibles na vida de hoxe. O certo é que o tempo transcorría máis lentamente naquel entón e había máis espazo para as relacións persoais.

Tendo en conta o argumento da novela, dedicada aos mozos que están obrigados a estudar lonxe de casa, cre que hoxe sería posible trasladala ao século XXI? (Parece que os estudantes desexan marchar para obter a liberdade, aínda que logo volvan).

A novela *La casa de la Troya* é filla do seu tempo, e a súa lectura

HISTORIA

ESFORZO. "A casa abre as súas portas como museo o 27 de febreiro de 1993, grazas ao esforzo do mecenas Benigno Amor Rodríguez (Santiago 1937-2009), quen lle dedicou boa parte da súa vida. O 31 de outubro de 2008 o museo péchase ao público e o 15 de xullo de 2010, en pleno Ano Xubilar, volve abrir co impulso da Asociación de Antigos Tunos Composteláns".

BENIGNO AMOR BARREIRO

Director do museo da Casa de la Troya



Benigno Amor, na Casa de la Troya, unha xoia con historia en Santiago. Foto: Vía Láctea

"En Santiago temos a sorte de gozar dun gran patrimonio que debemos protexer"

permítenos comprender aspectos daquela sociedade decimonónica. Coido que podemos trasladar ao século XXI matices que Pérez Lugín salienta, como o valor da amizade, o compañeirismo dos estudantes e o seu ánimo trouleiro. Mais trasladar a historia ao século XXI faría que perdese gran parte do seu encanto e faría incomprendibles determinadas situacións claves na novela. O que si penso que se podería facer é aproveitar os medios técnicos actuais para facer unha serie televisiva baseada na novela. Hai grandes profesionais galegos que poderían interpretala e abarcar todos os aspectos técnicos da produción; e contamos cos decorados orixinais precisos, que non son outros que o Casco Histórico de Santiago, polo que podería ser un gran reclamo turístico-cultural para a Cidade.

Casa de la Troya organiza cada venres desde maio un paseo literario teatralizado polo centro histórico de Santiago. Cal é o obxectivo?

Trátase dun roteiro cultural teatralizado, un modelo de visita que se está facendo con grande

éxito en moitas cidades de España e de Europa. O noso obxectivo é, por unha banda, contextualizar o museo no marco da cidade e do seu tempo, tratando de achegar un público familiar; e, por outra, está en liña coa nosa pretensión de desenvolver actividades que dinamicen o museo e a súa contorna.

Combinar historia e cultura co humor é un cóctel moi apetecible. Como é ese paseo?

O paseo iníciase cada venres ás 20.30 horas na praza do Toural e remata hora e media máis tarde no interior da Casa de la Troya. Vai guiado por Suso Martínez, actor e guía oficial de turismo, quen se caracteriza como Casimiro Barcala, o estudante troiano por antonomasia. Así, achégase o tempo da novela aos participantes dun xeito ameno, combinando a información histórica co humor; polo que a visita resulta interesante e entretida para público de todas as idades, sendo especialmente atractiva para familias e grupos de amigos.

En ocasións especiais, como fixemos con motivo do Día Inter-

nacional dos Museos, o roteiro parte da estatua de Rosalía de Castro na Alameda e leva tamén acompañamento musical a cargo de Troianos de Compostela, a agrupación musical da Asociación de Antigos Tunos Composteláns. Ese día o roteiro foi aberto e superamos os 200 asistentes, rematando xusto diante da Casa de la Troya cos sons de *Lela*.

Son os composteláns conscientes do tesouro histórico da Casa de la Troya?

Coido que sí, como demostra o feito do número de persoas de Santiago e a súa contorna que se interesan polas nosas actividades e visitan o museo cada ano. Para nós é especialmente importante transmitir este patrimonio aos novos, como estamos facendo coas visitas para colexios e institutos. E cando falo de patrimonio refírome tanto ao material, os obxectos que conservamos e que son a lembranza dun tempo; como ao inmaterial, especialmente a música que cantaban aqueles estudantes compañeiros de Lugín. Isto nos animou a crear hai cinco anos, como proxecto vencellado ao mu-

seo, un grupo de corda pulsada composto por tunos veteranos, e que acaba de presentar hai uns días no Teatro Principal o seu primeiro CD: *A música no tempo de La Casa de la Troya*.

Tamén hai xente que non quere coñecerla por relacionala coa tuna, un colectivo ás veces moi cuestionado...

É certo que existen prexuízos acerca da Tuna, do mesmo xeito que existen cara a outros colectivos, e que moitas veces nacen do descoñecemento. Mais dende o museo marcámonos una liña consistente en responder a eses prexuízos coa máxima clásica do "ensinar deleitando". As Tunas Universitarias non naceron onte, senón que hai que procurar as súas orixes máis recentes na segunda metade do século XIX. Particularmente, a Tuna Compostelana ten unha vizosa historia, contada en parte por Baldomero Cores no seu libro *A Tuna de Santiago*.

O teu pai foi un dos fundadores da Asociación de Antigos Tunos para defender a vivencia destes colectivos no mundo estudantil. Mesmo foi un dos principais impulsores da creación do museo. Fixo numerosos esforzos para conseguir reunir todo o material.

Coido que en Santiago temos a sorte de poder gozar dun importante patrimonio, material e inmaterial; pero tamén a obriga de facer o posible por protexelo e sensibilizar ás xeracións que nos seguen na importancia da súa conservación e coñecemento, para que tamén eles tomen o relevo no futuro.

Como che transmitiu ese valor pola Casa de la Troya?

O meu pai transmitíume o valor da Casa de la Troya co seu exemplo. Foi un empresario namorado de Compostela, que consideraba que había que devolverlle á sociedade parte do que esta nos daba. Dedicoulle moitas horas á creación e posterior consolidación do museo. De vivir hoxe, creo que se sentiría satisfeito de poder celebrar o XXV aniversario cun museo vivo que segue abrindo cada ano as súas portas ás visitas e desenvolvendo novos proxectos.

Asumín a dirección do museo hai oito anos, un despois do falecemento do meu pai. En principio, tiña a intención de colaborar, pero non de asumir a presidencia da Asociación, dado que consideraba que había compañeiros que no seu día presidiran a Tuna Compostelana e que a eles correspondía. Mais pedíronme que continuase coa tarefa do meu pai e fíxeno con moito orgullo e agarimo.

Xunto coa actual xunta directiva da asociación, preocupeime tamén de ampliar a nosa base asociativa. Actualmente contamos con máis de 70 antigos tunos asociados; e tamén cun número crecente de amigos do museo, persoas e empresas, que colaboran anualmente cunha pequena aportación.